# Minidicionario de xustiza social

# Minidicionario de xustiza social

**Edición**
Unidade de Cultura Científica e da Innovación
Universidade de Vigo

**Dirección**
Mónica Valderrama Santomé

**Coordinación**
Iria Vázquez Silva
Carmen Verde-Diego
Brais Suárez Eiroa

**Deseño e maquetación**
Área de Imaxe
Julinda Molares Cardoso
Tania Sueiro Graña
Laura Antelo Gómez

**Revisión lingüística**
Área de Normalización Lingüística (ANL)
Eva María Castro Figueiras
María Cristina Rodríguez Ricart

**Impresión**
Gráficas Anduriña

**ISBN**
978-84-8158-997-9

**D.L.**
VG 103 -2024
Vigo, 2024

**Autoras e autores**
Aitor Alonso Rodríguez
Joana Amorim
Tess Doezema
Paula Frieiro Padín
Yolanda García Vázquez
Rubén González-Rodríguez
Clara Grech-Santi
Noortje Keurhorst
Cristina Míguez González
María Celsa Perdiz Álvarez
Sabela Pérez-Martín
Santiago Prado Conde
Breogán Riobóo-Lois
Ana-María Rodríguez-González
Víctor José Sánchez Juárez
David Soto Oñate
Brais Suárez Eiroa
Raquel Vázquez-Pérez
Iria Vázquez Silva
Carmen Verde-Diego

© Universidade de Vigo
© As/os autoras/es dos seus textos

Coa colaboración da Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía (FECYT), Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades

# Minidicionario de xustiza social

UniversidadeVigo
Unidade de Cultura Científica
GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES
FECYT INNOVACIÓN

# PRÓLOGO

## Prólogo

A Universidade de Vigo ten un compromiso coa investigación, o ensino de calidade e a transferencia de coñecemento socialmente responsable para contribuír ao desenvolvemento da contorna e á creación dun mundo máis equitativo, solidario e sostible.

No Día Mundial da Xustiza Social non podemos esquecernos da importante misión das universidades públicas cara á consecución dunha sociedade máis xusta. Dende esta perspectiva, a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo deseñou unha serie de accións dentro do marco do Plan de Ciencia de Ida e Volta que conta co financiamento do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades.

Neste programa de actividades elaborouse, en colaboración con científicos e científicas sociais dos grupos Postgrowth Innovation Lab e GETS-IT da Universidade de Vigo, este minidicionario de xustiza social. Este proxecto colectivo e interdisciplinario está deseñado para axudar o alumnado de secundaria a entender os riscos, dinámicas e retos sociais; e, por outro lado, amosar iniciativas, ferramentas e mecanismos de transformación social.

Todos os capítulos e termos incluídos neste glosario non pretenden resumir nin simplificar realidades complexas como as desigualdades e as inxustizas sociais. Máis ben, buscan reflectir unha diversidade e explorar a realidade dun xeito coherente para conformar unha perspectiva propia informada.

**Mónica Valderrama Santomé**
Vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais

# INTRO DUCIÓN

## Introdución

Dende a Unidade de Cultura Científica da Universidade de Vigo, comprácenos presentarvos este minidicionario de xustiza social, que agardamos que contribúa a ampliar o pensamento, rachando cos estereotipos e difundindo o coñecemento e a comprensión da sociedade.

O Día Mundial da Xustiza Social conmemora o traballo da comunidade internacional para a erradicación da pobreza, a promoción do pleno emprego, o traballo digno, a igualdade de oportunidades e o acceso ao benestar e á xustiza social universal. Co obxectivo de favorecer o coñecemento e o debate sobre algúns dos conceptos relacionados coa xustiza social, deseñouse e desenvolveuse esta publicación en colaboración co persoal investigador do Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETS-IT) e do Postgrowth Innovation Lab da Universidade de Vigo. Estes equipos de investigación contan con liñas de estudo sobre as desigualdades económicas, ecolóxicas, sociopolíticas ou de xénero, así como o deseño de políticas sociais, a inclusión, a intervención ou a innovación social.

Para facilitar a comprensión do minidicionario, agrupáronse os termos en once capítulos segundo campos semánticos: xustiza social, interseccionalidade, pobreza, mercado laboral, movementos migratorios, infancia, saúde, dependencia, discapacidade, igualdade de xénero, violencia machista, violencia intrafamiliar e soidade. Con este glosario, preténdese proporcionarlle ao público lector unha visión xeral, unha comprensión de conceptos básicos, de terminoloxía e de dinámicas en relación coa xustiza social.

En consonancia coa finalidade de reducir e de previr as desigualdades, este glosario destaca algúns dos conceptos máis relevantes, curiosos ou novos para achegar e favorecer a reflexión sobre as distintas realidades sociais, así como algúns dos posicionamentos sociais existentes para afrontar os retos presentes e futuros da sociedade. Non pretende ser un manual completo, pero si abrir novos debates derivados das novas crises sociais.

Agardamos que vos resulte atractivo e útil o uso deste minidicionario na procura compartida de xustiza social!

# ÍNDICE DE CONTIDOS

## Índice de contidos


1. Xustiza social, 12
2. Interseccionalidade e xustiza social, 20
3. Pobreza, 28
4. Mercado laboral, 42
5. Movementos migratorios, 56
6. Infancia vulnerable, 66
7. Saúde, dependencia e discapacidade, 78
8. Igualdade entre homes e mulleres, 92
9. Violencias machistas, 100
10. Violencia intrafamiliar, 114
11. Soidade non desexada e illamento social, 122

Autoras e autores, 130

# Xustiza social

Carmen Verde-Diego

Universidade de Vigo
GETS-IT

## Xustiza social

Segundo a Real Academia Galega a xustiza é o «respecto e recoñecemento dos dereitos e do mérito dunha persoa».

A xustiza social implica algo máis, xa que non se circunscribe soamente a unha persoa, senón a todas e a cada unha de nós en relación cos demais.

A *xustiza social* vén sendo aquilo que posibilita que as persoas se vaian equiparando unhas con outras en oportunidades (por exemplo, ter igual oportunidade para estudar) e en dereitos (por exemplo, as nenas e os nenos), de forma que todas teñan a mesma dignidade e poidan gozar dos recursos e das riquezas.

Para que todas as persoas teñan as mesmas oportunidades, hai que compensar as desigualdades iniciais coas que poida nacer: un lugar illado, a cor de pel, o sexo/xénero, unha discapacidade etc. Polo tanto, non se trata de darlle a todo o mundo o mesmo (igualdade), senón de darlle a cadaquén o que precisa para superar as súas desigualdades orixinarias (equidade).

Por exemplo, se nas sociedades se discrimina as persoas por nacer mulleres, hai que compensar esa situación de forma que elas poidan acceder ás mesmas oportunidades ca os varóns. Desa forma, mulleres e homes equipáranse na posibilidade de acceder ao mesmo tipo de traballos, de salarios, de riquezas..., e terían os mesmos dereitos.

A xustiza social procura certo equilibrio entre a poboación, principalmente entre as persoas máis desfavorecidas polo seu lugar de nacemento, pola pertenza a algunha minoría étnica, polas súas características persoais etc.

A xustiza social vén sendo unha guía ética para a convivencia, unha forma de comprender a vida en común buscando o interese xeral, sen prexudicar o de cadaquén, e pretendendo acabar coa desigualdade social a través da equidade.

A igualdade supón o mesmo ou idéntico trato para cada persoa. Se se parte de posicións desiguais, o idéntico trato para todos e todas non elimina a desigualdade. A equidade, pola contra, outórgalle a cadaquén aquilo que realmente necesita para equipararse aos e ás demais. Supón, polo tanto, unha discriminación ou acción positiva para as persoas que a precisan para chegar a onde están as demais. A xustiza trata as causas da inequidade, de forma que loita contra as barreiras que impiden que as persoas, nas súas diferentes posicións de partida, teñan as mesmas oportunidades e alcancen os mesmos dereitos.

Ténselles encomendado aos estados que poñan todo o necesario para evitar as desigualdades sociais e para promover a xustiza social, en especial a partir da Revolución Industrial do século XIX, que provocou grandes desigualdades sociais.

Non obstante, segundo manifesta a ONU, hoxe en día as desigualdades no mundo son cada vez maiores, cun gran número de persoas pobres, vulnerables e marxinadas ata o punto de que o 80 % da poboación mundial carece dunha protección social axeitada (seguridade alimentaria, servizos de saúde, pensións para as persoas anciás...).

Unicef recolle tres aspectos básicos que imposibilitan chegar á xustiza social:

1. A *pobreza*, como unha situación de inxustiza moi grave e moi estendida que impide o acceso a moitos outros dereitos fundamentais das persoas (a unha educación básica, a unha vivenda digna, a unha alimentación saudable, á saúde, ao traballo etc.).

2. A *discriminación*, que impide que as persoas poidan desenvolver todo o seu potencial.



3. Os *conflitos*, que en todo o mundo producen violencia entre individuos, grupos ou países, moitas veces fundados xustamente no descontento por vivir situacións de inxustiza.

Os principais organismos internacionais como a ONU, a Organización Internacional do Traballo (OIT) ou Unicef téñense posto de acordo para poñer en valor a xustiza social como núcleo do desenvolvemento mundial. O secretario xeral da ONU entre 2007-2016, Ban Ki-moon, defendeu que toda a poboación teña acceso aos servizos básicos e a un emprego decente, xa que «a igualdade de oportunidades, a solidariedade e o respecto aos dereitos humanos» son o camiño para alcanzar a xustiza social que «é a base da estabilidade nacional e a prosperidade mundial».

Unicef tamén defende a xustiza social como un ben para alcanzar a nivel global: «A xustiza social baséase na igualdade de oportunidades e nos dereitos humanos, máis alá do concepto tradicional de xustiza legal. Está baseada na equidade e é imprescindible para que cada persoa poida desenvolver o seu máximo potencial e para unha sociedade en paz».



IGUALDADE EQUIDADE XUSTIZA

## Factor de risco

Tal e como vimos comentando, as diferentes posicións de partida das persoas fanas máis susceptibles de sufrir situacións de desigualdade social que lles impiden ás sociedades e aos seus membros alcanzar a xustiza social.

Son diferentes os factores de risco que sitúan na desigualdade orixinaria as persoas.

Un *factor de risco* é aquel que por si mesmo pode provocar situacións de desvantaxe social ou que, acumulado a outros factores, provoca situacións de *discriminación múltiple e interseccional*.

Algúns factores de risco, entre outros, que impiden alcanzar a xustiza social son:

1. A *orixe étnica* ou nacer nun grupo minoritario. En España o grupo étnico minoritario máis coñecido é a poboación xitana. O feito de nacer na comunidade xitana comporta un factor de risco de orixe xa que, en xeral, as persoas xitanas non teñen as mesmas oportunidades que as que non o son.
2. A *orixe territorial*. Non dispoñen das mesmas oportunidades as persoas nacidas ou que viven no rural, ou en lugares illados, ca outras que viven en grandes urbes.Tampouco teñen acceso ás mesmas oportunidades as persoas nacidas en países desenvoltos ca en países en pleno desenvolvemento. As persoas migrantes, polo xeral, polo feito de proceder doutros países e de migrar, son unha poboación con menos oportunidades e con maiores dificultades de acceso aos recursos.



3. O *sexo/xénero*. Nacer sendo home ou muller supón, aínda a día de hoxe, ter diferentes oportunidades na vida. Tamén supón vivir situacións de discriminación que imposibilitan alcanzar o pleno desenvolvemento e gozar dos mesmos dereitos.
4. A *orientación sexual* tamén é un factor de risco para as persoas que non teñen unha sexualidade considerada socialmente como normativa. Esta situación pode ser un factor que impida un igual acceso ás oportunidades.
5. A *discapacidade ou as necesidades especiais*. As persoas, que teñen algún tipo de necesidade especial derivada dunha discapacidade coa cal naceron ou adquiriron ao longo da súa vida, normalmente sofren discriminacións que lles impiden alcanzar as mesmas metas ca o resto das persoas.
6. A *desigualdade de clase*. Un importante factor de risco é nacer nunha familia con escasos ingresos ou en situación de risco de exclusión social. Esta é unha situación que comporta dificultades no acceso a múltiples oportunidades: unha alimentación sa, unha vivenda digna, unha boa saúde, a posibilidade dunha formación máis completa etc. A clase social convértese nun importante factor de risco.

Todos estes factores, entre outros, por si mesmos ou sumados uns con outros, provocan que as persoas se sitúen no mundo en posicións de partida moi diferentes. Tentade imaxinar as dificultades na vida dunha moza, nacida e crecida nunha aldea illada de Galicia, nunha familia empobrecida, cunha discapacidade física derivada dun accidente que a deixou coxa e que se sente atraída sexualmente por outras mozas. Credes que terá as mesmas oportunidades ca calquera outra moza galega?

Nas páxinas seguintes tede en conta que os factores de risco son coma pedras na mochila que cada un de nós carga nas súas costas. É moi importante que a sociedade na cal vivimos sexa quen de liberarnos deses pesos, desas barreiras que impiden ou dificultan que cheguemos en igualdade de condicións a acceder ás mesmas oportunidade e, polo tanto, a gozar dos mesmos dereitos.

# Interseccionalidade e xustiza social

Paula Frieiro Padín
Universidade de Santiago
GETS-IT



## Interseccionalidade

A *interseccionalidade* é un concepto que trata como diferentes formas de discriminación, como o racismo, o sexismo ou o capacitismo, se entrelazan e afectan á vida das persoas. Este termo foi acuñado pola profesora e activista afroamericana Kimberlé Crenshaw na década de 1980. Para comprendelo imaxina que somos unha combinación única de identidades, como o noso xénero, a nosa orixe, a orientación sexual ou a discapacidade, mais a interseccionalidade recoñece que estas identidades se solapan, afectando ás propias experiencias vitais.

Para entendelo mellor, pensa nun mapa de estradas, no que cada estrada representa unha forma de discriminación. Cando estas estradas se cruzan, forman intersecciónes que crean experiencias únicas para cada persoa. A interseccionalidade invítanos a recoñecer estas intersecciónes e a comprender que a discriminación non é simplemente acumulativa, senón que interactúa e se entrelaza de xeito complexo.

En termos de xustiza social, a interseccionalidade ínstanos a considerar estas intersecciónes á hora de tratar os problemas sociais e de loitar pola equidade. Recoñecer as experiencias complexas das persoas axúdanos a construír un mundo máis inclusivo, onde todas as persoas teñan a oportunidade de prosperar, independentemente das distintas facetas da súa identidade.

## Idadismo

O 20 de decembro de 2022, a Real Academia Española (RAE) incorporou a palabra *idadismo* na actualización 23.6 do *Diccionario de la lengua española* (DLE). O mesmo ano, o 23 de decembro de 2022, o termo tamén se incorporou no *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG). O idadismo describe a discriminación por razón de idade e é importante comprendelo para poder combater a inxustiza e promover a igualdade. O termo é semellante a outras formas de discriminación, como o sexismo ou o racismo. Neste caso, a discriminación por idade implica tratar as persoas de forma inxusta pola súa idade, sexan persoas mozas ou maiores.

Esta forma de discriminación maniféstase en estereotipos e prexuízos que poden afectar á forma de tratar as persoas na escola, no traballo ou na sociedade en xeral; por exemplo, asumindo que as persoas mozas son inexpertas ou que as persoas maiores non son capaces de adaptarse ás novas tecnoloxías. Estas ideas preconcibidas poden levar a decisións inxustas con respecto ás oportunidades educativas, ao emprego ou á participación social. Ao comprender e combater a discriminación por idade, axudamos a crear un mundo onde todas as persoas teñan a oportunidade de prosperar, independentemente da súa idade.



## Capacitismo

O *capacitismo* é un termo que describe a discriminación en función das capacidades das persoas, é dicir, como se trata a alguén en función das súas capacidades físicas, mentais ou sensoriais. É fundamental entendelo para construír unha sociedade máis xusta e inclusiva. Deste xeito, o capacitismo implica tratar inxustamente as persoas con discapacidade, limitando as súas oportunidades e dereitos debido a percepcións erróneas.

Debemos ter presente que a Declaración universal dos dereitos humanos de 1948 defende a igualdade e a dignidade para todas as persoas. Ademais, a Convención das Nacións Unidas sobre os dereitos das persoas con discapacidade de 2008 ten como obxectivo promover, protexer e garantir o pleno gozo dos dereitos humanos e liberdades fundamentais das persoas con discapacidade. Pola contra, o capacitismo contradí estes principios, xa que perpetúa estereotipos e prexuízos, o que provoca unha discriminación en ámbitos como a educación, o emprego e o acceso aos servizos. Desafiar o capacitismo pasa por avogar pola plena inclusión e respecto de todas as capacidades, de acordo coa Convención das Nacións Unidas, que recoñece a diversidade e a loita contra as barreiras que impiden o pleno gozo dos dereitos fundamentais de todas as persoas, independentemente das súas capacidades ou discapacidades.

## Cordismo

O *cordismo*, tamén coñecido como *sanismo* ou *mentalismo*, maniféstase en accións discriminatorias vinculadas á percepción da saúde mental das persoas. Judi Chamberlin popularizou o termo en 1978. A autora consideraba a psiquiatría como unha forma de opresión, referíndose ao conxunto de suposicións que a sociedade adoita facer sobre as persoas con diagnóstico psiquiátrico. A discriminación sistémica considera as persoas con diagnóstico psiquiátrico como incompetentes, incapaces de facer as cousas por si mesmas, necesitadas de supervisión e de asistencia constante, e tamén imprevisibles ou susceptibles de ser violentas. Judi Chamberlin cambiou a linguaxe psiquiátrica dominante utilizada para falar de loucura e argumentou que calquera experiencia psíquica é moito máis complexa ca un problema médico. Tratar e combater o cordismo é esencial para avanzar cara a sociedades máis comprensivas e equitativas en materia de saúde mental e de xustiza social.



Recoñecer as experiencias complexas das persoas axúdanos a construír un mundo máis inclusivo

# Pobreza

Joana Amorim
Aitor Alonso Rodríguez
Noortje Keuhorst
Cristina Míguez González
Víctor José Sánchez Juárez
Brais Suárez Eiroa

Universidade de Vigo
Postgrowth Innovation Lab

## Apropiación da terra

A *apropiación da terra* implica o roubo desta a través dun desprazamento de comunidades locais para que a terra se poida explotar con fins comerciais e incluso, nalgúns lugares, para actividades de conservación.

Cando expulsan as persoas das súas terras, comprométese a súa capacidade de subsistencia, o que leva á pobreza. Ademais, os medios de vida e as tradicións pérdense cando se lles quita a terra ás comunidades e se destinan a producir mercancías. Un exemplo de apropiación de terras en Galicia pódese atopar en varios montes, onde empresas multinacionais instalan polígonos de eólicos sen a aprobación das comunidades.

## Desigualdade Norte-Sur

A *desigualdade Norte-Sur* refírese tradicionalmente á fenda socioeconómica entre os estados do hemisferio norte, cun maior poder e economicamente desenvolvidos, e os estados do hemisferio sur, na situación oposta. Porén, na actualidade, a desigualdade Norte-Sur refírese á desigualdade existente entre o norte global e o sur global. Estes conceptos emerxen do proceso de globalización e da mobilidade social, e pretenden captar de forma máis fidedigna a existencia de grupos sociais pobres ou discriminados que viven en condicións desiguais en rexións do norte, aínda que tradicionalmente habitasen en rexións do sur. Polo tanto, este concepto reflicte unha desigual distribución de recursos, de desenvolvemento económico e de poder vencellada a cuestións xeográficas Norte-Sur, legados históricos, desequilibrios comerciais e acceso desigual á educación e á tecnoloxía.



## Economía de subsistencia

Unha *economía de subsistencia* refírese a un sistema económico no que individuos ou comunidades producen bens e servizos principalmente para o consumo propio. A axuda contra a pobreza xeralmente enfócase máis en proporcionar soporte a través de actividades formais na economía como, por exemplo, subsidiar a produción de certos alimentos. Non obstante, as actividades da economía de subsistencia, como cultivar alimentos para o autoconsumo, apañar herbas medicinais ou elaborar obxectos para usar no fogar, non se adoitan ter tanto en conta. Ademais, as actividades da economía de subsistencia dependen do acceso das comunidades aos recursos naturais, e cando este acceso se ve comprometido, ben pola apropiación de terras, ben por desastres relacionados co cambio climático, as persoas son vulnerables a caer na pobreza.

## Modernización da pobreza

Este concepto refírese a como o progreso e o desenvolvemento tecnolóxico xeran novas formas de pobreza, pois moitas persoas son incapaces de seguir ese avance economicamente. Actualmente, unha familia en España que non poida mercar un coche podería considerarse pobre como resultado da modernidade, xa que a necesidade de dispor dun coche non existiu sempre. Do mesmo xeito, nun mundo occidental cada vez máis orientado ao dixital, non dispor dun móbil ou dun ordenador, ou incluso non ter acceso a internet, converte en pobres as persoas afectadas. Isto ocorre porque a modernidade e o progreso crean novas necesidades. A modernización da pobreza alude, por así dicilo, a unha variable temporal da pobreza, que depende, ao mesmo tempo, do país e da contorna onde se viva.



## Necesidades básicas

As *necesidades básicas* refírense aos recursos mínimos necesarios para garantir a dignidade e o benestar das persoas. Aínda que existe moita controversia ao respecto e resulta difícil establecer valores cuantitativos universais, existe un consenso sobre que hai unha serie de necesidades básicas mínimas ás que todas as persoas deberían ter acceso para gozar de dignidade e benestar. Unha listaxe inicial podería incluír, polo menos, alimentación, auga, educación, saúde (física e mental), seguridade, enerxía e vivenda. As necesidades básicas, non obstante, cambian e evolucionan en cada contexto. Por exemplo, ter wifi ou acceso ao transporte poderían considerarse necesidades básicas na sociedade actual española.

## Pobreza absoluta

A *pobreza absoluta*, ou *pobreza extrema*, refírese á carencia de recursos suficientes para poder satisfacer as necesidades vitais básicas, como alimentación, auga, luz ou teito onde durmir. Cando falta a auga potable, alimentos comestibles ou servizos básicos de hixiene e saúde, podemos falar de estar nunha situación de pobreza absoluta. Considérase que unha persoa está na citada situación cando non acada un mínimo de ingresos ao día. Actualmente, quen reciba un ingreso por persoa inferior a 1,25 dólares ao día considérase en situación de pobreza absoluta. Nos obxectivos de desenvolvemento sostible existe unha meta dentro do obxectivo 1 «Fin da pobreza» para acabar coa pobreza absoluta no mundo en 2030.



## Pobreza relativa

Este concepto refírese á situación das persoas que dentro dun mesmo ámbito económico e social están en desvantaxe respecto aos seus iguais. Está relacionado co nivel de vida do lugar onde se vive. Cos mesmos ingresos, pódese pasar de estar en risco de pobreza relativa en España, a dispor de suficiente diñeiro para manterse afastado da devandita situación noutros países onde o nivel de vida sexa menos elevado. Estar en risco de pobreza relativa mídese a través dun limiar de pobreza que ten en conta a situación da poboación do lugar de estudo. En relación cos ingresos percibidos a nivel xeral, establécese un límite de ingresos por debaixo do que as persoas estarían en risco de pobreza relativa.

## Soberanía alimentaria

A *soberanía alimentaria* refírese ao dereito e á capacidade das comunidades para definir os seus propios sistemas alimentarios, incluída tanto a produción coma o consumo. Os elementos chave da soberanía alimentaria inclúen a autonomía na toma de decisións relacionadas coa produción e co consumo de alimentos, a promoción de prácticas agrícolas sostibles e agroecolóxicas, o apoio aos agricultores/as locais e aos produtores/as de alimentos a pequena escala, e a resistencia á dominancia das corporacións multinacionais no sistema alimentario. Tamén avoga pola xustiza social, a igualdade de xénero e o recoñecemento dos coñecementos tradicionais na elaboración de políticas alimentarias. Nos debates sobre a pobreza, a soberanía alimentaria utilízase a miúdo para complementar os temas de seguridade alimentaria, xa que esta última se centra principalmente en proporcionar unha cantidade acaída de alimentos; mentres que a soberanía alimentaria pon énfase na necesidade da toma de decisións locais e na construción dun sistema alimentario sostible e culturalmente apropiado.



## Suficiencia

Este termo refírese ao obxectivo de vivir mellor con menos. Trátase dunha filosofía, unha actitude ou unha práctica que conduce a vivir ben co necesario. Unha persoa, por exemplo, pode voluntariamente autorrenunciar ao consumo en exceso; unha empresa, ao incremento constante dos beneficios; ou un goberno, á constante de crecemento económico. A suficiencia implica que todas estas renuncias deberían ir ligadas a unha mellor calidade de vida para as persoas involucradas e para a sociedade en xeral.

Obxectivo 1 (ODS). Rematar coa pobreza en todas as súas formas en todo o mundo

# Mercado laboral

Joana Amorim
Tess Doezema
Cristina Míguez González
David Soto Oñate
Brais Suárez Eiroa

Universidade de Vigo
Postgrowth Innovation Lab

## Segmentación laboral

Fálase dun *mercado dual de traballo*, no sentido de que o mercado laboral pode analizarse como se estivese dividido en dous grandes segmentos: o *mercado primario*, caracterizado por empregos bos dentro do mercado, é dicir, os que son a tempo completo (toda a xornada laboral), cun contrato indefinido, con salarios elevados, estabilidade, oportunidades de promoción, convenios colectivos etc.; e o *mercado secundario*, no que quedarían os postos de traballo precarios, é dicir, a tempo parcial, con contratos de carácter temporal, con salarios máis baixos, inestabilidade e dificultade de promocionar a postos mellores.

No noso contexto, moitos traballos do sector secundario están ocupados por mulleres, o que reflicte aínda a discriminación de xénero no mercado laboral. Un dos exemplos paradigmáticos poderían ser as empregadas do fogar ou dos coidados, que a pesar da relevancia social do seu traballo, posúen unhas precarias condicións laborais. Por exemplo, sabías que ata o ano 2022 (e grazas a unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea) as empregadas do fogar en España non tiñan dereito ao desemprego? Esta precariedade laboral, a temporalidade e a parcialidade son factores de risco que afectan á saúde laboral das persoas que a sofren.

## Economía informal

Actividade económica que se realiza fóra dos controis administrativos. A tamén chamada economía irregular presenta formas diversas nas distintas economías e dentro de cada estado.

O traballo na economía informal caracterízase, en xeral, por condicións de traballo inseguras e insalubres, escasa produtividade, ingresos baixos e irregulares, horarios de traballo prolongados e falta de acceso á información, financiamento ou formación.

A elevada incidencia deste tipo de economía constitúe un reto enorme para os dereitos das persoas traballadoras e as condicións de traballo decente, cun impacto negativo nos ingresos públicos e na competencia xusta. Entre outros colectivos, a economía informal afecta moito ao colectivo de persoas migrantes.



## Acoso laboral

O *acoso laboral* implica accións repetitivas dirixidas a unha ou a máis persoas empregadas, que non son desexadas pola vítima. Estas accións, sexan intencionais ou inadvertidas, acaban en humillación, ofensa e angustia, e poden afectar ao rendemento laboral e crear unha contorna de traballo desagradable. O concepto refírese especificamente á exposición prolongada a comportamentos negativos e psicoloxicamente agresivos. Isto abrangue situacións nas que se dirixen comportamentos hostís sistemáticos cara a unha ou máis persoas colegas ou subordinadas, que conduce á estigmatización e á vitimización das afectadas.

## Automatización

Refírese ao despregamento de tecnoloxía para executar tarefas sen a necesidade de intervención humana directa. Este proceso implica a implantación de sistemas e de máquinas autónomos destinados a realizar funcións que antes eran realizadas por seres humanos. Aínda que a automatización busca mellorar a eficiencia e reducir custos, a súa adopción masiva ten xerado importantes preocupacións. Arguméntase que a automatización pode provocar perdas de empregos, facer aumentar a desigualdade económica e exacerbar a inseguridade laboral, alén doutros desafíos sociais, políticos e económicos.



## Externalidades

As persoas, as empresas ou os gobernos intercambian diñeiro por bens e servizos no mercado. Fálase de *externalidades* cando os custos ou os beneficios dun intercambio afectan a persoas, empresas ou gobernos que non participaron neste intercambio. Os impactos ambientais son un exemplo habitual de externalidade, xa que normalmente non están representados no intercambio. Na actualidade existen leis que obrigan a cubrir algunhas externalidades xeradas, asignándolles un valor e esixindo un pagamento por elas. Porén, calcular o valor real das externalidades é unha tarefa practicamente imposible. Por este motivo, os impactos ambientais seguen en constante aumento e afectan a todas as sociedades do planeta.

## Fenda salarial

Refírese á disparidade económica entre os ingresos percibidos por homes e mulleres no ámbito laboral. Esta discrepancia salarial maniféstase cando as mulleres, de media, gañan menos ca os homes por realizar traballos similares ou de igual valor. Factores como a discriminación de xénero, os roles tradicionais de xénero e os obstáculos para o avance profesional das mulleres contribúen a esta fenda.

A pesar dos avances en materia de igualdade de xénero, as desigualdades salariais persisten, o que leva a movementos políticos que esixen medidas e políticas destinadas a tratar e a eliminar estas disparidades. A última enquisa dispoñible de estrutura salarial (2020) sitúa a fenda salarial en España no 18,72 %. Os homes gañan máis ca as mulleres en case todas as seccións de actividade. Ademais, a fenda salarial increméntase cando as mulleres teñen fillos e fillas ou cando traballan a tempo parcial.



## Meritocracia

Termo que se refire, formalmente, a un sistema de goberno baseado no mérito. No contexto de mercado, a meritocracia representa a forma na que se escala social e economicamente a través da acumulación de méritos preestablecidos socialmente. É dicir, non todas as habilidades, experiencias ou certificados forman parte do rango de méritos valorados que permiten escalar. Polo tanto, a meritocracia favorece as persoas con maiores dotes e vantaxes para acadar os méritos que si son valorados.

## Roubo de salarios

O *roubo de salario* ou *wage theft* é o impagamento do debido salario ou dos beneficios laborais da persoa traballadora establecidos por lei ou por contrato. Froito das diferenzas de poder e por medio de diversos mecanismos, supón unha transferencia forzada de valor sen contraprestación desde a traballadora á organización para a que traballa. Algúns exemplos comúns son horas extraordinarias non remuneradas ou remuneradas por debaixo do establecido na lei, contratos por debaixo do salario mínimo interprofesional, clasificación errónea deliberada da categoría profesional para establecer salarios por debaixo do estipulado no convenio, contratos informais que non fan as contribucións debidas á seguridade social ou a obriga de declararse traballadora por conta propia cando de facto traballa por conta allea (falsa autónoma). É un fenómeno xeneralizado globalmente e que afecta máis intensamente aos colectivos sociais máis vulnerables.



## Teito de cristal

Barreiras invisibles ás que fan fronte as mulleres ao tratar de avanzar na súa carreira e acadar postos de liderado dentro dunha organización, debido á estrutura institucional e non por falta de preparación. O teito de cristal relaciónase cos prexuízos cara ás capacidades profesionais das mulleres. Este termo utilízase comunmente no ámbito da igualdade de xénero, pero tamén pode aplicarse a outras situacións de desigualdade baseadas en características como a raza, etnia, relixión, diversidade sexual ou outras identidades.

Nos últimos anos, de xeito complementario, emprégase tamén o concepto de chan pegañento, que alude ás barreiras menos visibles (dedicar máis horas ao traballo do fogar e aos coidados a familiares dependentes) e que lles impiden o desenvolvemento da súa carreira profesional en igualdade de condicións ca os homes. Moitas mulleres en España seguen a sufrir unha penalización na súa promoción laboral como consecuencia da maternidade. Por exemplo, sabías que en España as mulleres son as que maioritariamente piden excedencias no traballo para coidar as fillas e fillos (o 87,4 % en 2021) ou para coidar familiares (un 79,5 %)?

O 60 % das persoas traballadoras no mundo traballan en economía informal

# 5

# Movementos migratorios

Iria Vázquez Silva
Universidade de Vigo
GETS-IT

## Persoas migrantes

Son todas as persoas que se trasladan fóra do seu lugar de residencia, ben dentro do propio estado onde viven (as migracións internas), ben a través dunha fronteira internacional (as denominadas migracións internacionais). Son moitas as razóns polas que unha persoa emigra do seu lugar de orixe: causas económicas, laborais, acadar mellor calidade de vida, reunirse con algún familiar, coidar dalgunha persoa dependente etc. As Nacións Unidas considera que unha persoa migrante internacional é a que reside polo menos un ano nun país diferente ao que naceu.

Emigrar do teu país de orixe non significa rachar os vínculos con ese país, senón que a miúdo as comunidades migrantes tecen *relacións transnacionais* (a través dos estados), sobre todo con familiares que quedan neses países. Poden enviar remesas de diñeiro ou agasallos, realizar chamadas e manter uns vínculos emocionais moi fortes que nos leven a pensar que funcionan como unha especie de *familia transnacional* alén das fronteiras.

A lexislación migratoria distingue entre as persoas migrantes en situación administrativa regular e as persoas en situación administrativa irregular. É importante subliñar que, en España, atoparse en situación irregular é unha falta administrativa, pero non é un delito. O certo é que son moitos os colectivos que están loitando para que todas as persoas migrantes no contexto galego e español teñan dereitos, mostrando todo o que lles achegan a nivel económico e cultural ás nosas sociedades.

Segundo a estimación máis recente da Organización Internacional das Migracións (OIM), había en 2020 no mundo aproximadamente 281 millóns de migrantes internacionais, unha cifra equivalente ao 3,6 % da poboación mundial.

Ás persoas que logo dunha tempada na emigración volven ao seu país de orixe adóitaselles nomear *persoas retornadas*; ás veces para xubilarse e outras veces para desenvolver unha nova etapa vital e laboral no seu país natal.

## Dereito ao asilo

Calquera persoa que foxe da persecución ou de danos graves no seu país de orixe ten dereito a solicitar protección internacional. O asilo é un dereito fundamental e a súa concesión ás persoas que cumpran os criterios establecidos na Convención de Xenebra de 1951 relativa ao Estatuto dos refuxiados/as é unha obriga internacional para os estados parte, é dicir, os estados membros da unión. No ámbito europeo temos varias directivas que regulan os criterios de recoñecemento de asilo, as condicións de acollida etc., para que non haxa grandes diferenzas entre solicitar asilo nun estado da Unión Europea ou noutro. Se un país europeo che di que non, non podes probar sorte noutro país da UE. No ámbito estatal temos unha lei (2009) non adaptada á normativa europea e moitas veces invocamos as directivas europeas, máis garantistas, para defender os expedientes.

O dereito de asilo recoñéceselle á persoa que teña un temor fundado (medo obxectivo, segundo a situación do país) a ser perseguida (ou fose perseguida xa) no seu país de orixe por algún destes cinco motivos: etnia/raza; relixión (ou persecución do ateísmo); nacionalidade; ideoloxía política; ou pertencer a un determinado grupo social (aquí inclúese xénero e orientación sexual). Para solicitar asilo teñen que estar fóra do seu país de orixe (ou país de residencia, se son apátridas). Ás persoas que veñen de países en guerras declaradas (Ucraína, Sudán, Palestina, Somalia etc.), que non cumpren os requisitos de asilo, concédeselles a protección subsidiaria (similar ao estatuto de refuxiado/a).

Unha persoa solicitante de asilo ten dereito a traballar legalmente aos seis meses de solicitalo; a entrar no sistema de acollida de solicitantes e beneficiarios/as de asilo (que levan diversas organizacións non gobernamentais), onde se cobren as necesidades básicas; e non pode saír de España ata que se lle recoñeza o estatuto de refuxiado/a ou a protección subsidiaria. Se se lle denega o asilo, a persoa solicitante terá que marchar de España ou regularizarse, aínda que tamén pode recorrer contra esa decisión.



## Xenofobia

Tanto a xenofobia coma o racismo son formas de discriminación e ambas van contra a xustiza social e a equidade. Pero é importante coñecer as súas diferenzas e matices. O termo xenos en grego refírese ás persoas de fóra da comunidade. No noso contexto a xenofobia referiríase ao odio ás persoas estranxeiras; é dicir, que non teñen a nacionalidade española. En xeral, o medo á persoa diferente, ao «outro», é un continuo en moitas sociedades que reflicte a tentativa de excluír as persoas de fóra do territorio ou da propia cultura, independentemente da cor da súa pel.

A xenofobia pode ser unha actitude cotiá (cando, por exemplo, alguén insulta un veciño por ser doutro país) ou pode ser institucional (por exemplo, cando existen leis discriminatorias cara ás persoas estranxeiras). Os discursos de xenofobia débense detectar e considéranse na lexislación española como delitos de odio. Segundo o «Informe sobre a evolución dos delitos de odio en España 2022», os delitos de odio por racismo e xenofobia, con 755 feitos, son os máis numerosos e representan o 43,5 % do total das denuncias, a pesar de que as persoas expertas sinalan que non se denuncian todos os casos, co cal, o volume real sería moito maior.

## Racismo

Segundo a Comisión Europea contra o Racismo e a Intolerancia do Consello de Europa, o *racismo* podería definirse como calquera actitude ou manifestación política ou cotiá que supoña afirmar ou recoñecer tanto a inferioridade dalgúns colectivos étnicos coma a superioridade do colectivo propio.

A discriminación racial entraña condutas negativas moi variadas que poden estenderse desde a linguaxe xestual ou verbal ata o extremo da violencia contra a persoa que está a ser discriminada. Como se menciona neste dicionario, moitas persoas sofren unha discriminación múltiple (ou discriminación interseccional, como xa vimos máis arriba) por distintos tipos de discriminacións, como o racismo, o machismo, a discriminación polo nivel de ingresos ou pola súa orientación sexual.

A diferenza entre racismo e xenofobia é que o racismo pode exercerse sobre persoas nacidas no mesmo país, como por exemplo o racismo existente contra persoas da comunidade xitana. O racismo plásmase na discriminación cara aos trazos físicos e a cor da pel das persoas que o sofren. A discriminación racial queda patente en estudos sociolóxicos como o informe publicado polo Consello para a Eliminación da Discriminación Racial ou Étnica (CEDRE) no ano 2020, o cal manifesta as elevadas porcentaxes de racismo en España en moitos eidos, especialmente no acceso á vivenda (un 31 %), en establecementos ou espazos abertos ao público (30 %), no eido laboral (26 %), na educación (20 %), no trato recibido por parte das forzas e corpos de seguridade do Estado (19 %) ou no ámbito sanitario (12 %). Segundo este estudo os grupos que perciben en España os maiores niveis de discriminación racial son a poboación procedente de África (ou descendentes desta poboación) e a comunidade xitana española.

Este informe tamén conclúe que é un feito que en España o racismo existe e apenas se denuncia. Lamentablemente, o principal motivo polo que as vítimas do racismo non denuncian adoita ser a desconfianza da utilidade da denuncia como factor para mitigar os efectos desa vivencia discriminatoria.



## Cadeas globais de coidado

Moitas mulleres migrantes en Europa só atopan traballo no eido do traballo doméstico e dos coidados, o que mostra unha discriminación e unha segmentación laboral en moitos países europeos. Ademais, as condicións destes empregos, a pesar da súa relevancia para o benestar das nosas sociedades, non posúen aínda unha relevancia social e económica como a que merecerían. Pensaches algunha vez en que moitas destas mulleres migrantes deixan os seus fillos/as ou familiares dependentes nos seus países de orixe? Quen coida os familiares que quedan nestes países de orixe? Por exemplo, quen coida estas persoas en Ecuador, Romanía ou Marrocos? Pois adoitan ser outras mulleres nestes países (nunha situación aínda máis precaria) as que quedan como responsables dos coidados. Así, as cadeas globais de coidado poden definirse como unha serie de lazos ao longo do mundo onde cada persoa traballadora do coidado depende doutra. Diferentes estudos de caso teñen analizado este fenómeno en diferentes contextos xeográficos e son unánimes en canto aos trazos principais das persoas que compoñen cada un dos chanzos: estas son, maioritariamente, mulleres.

Noutras palabras, se son as mulleres máis pobres (e inmigrantes) as que coidan as criaturas (ou outras persoas dependentes) de moitas familias en España, son mulleres aínda máis pobres as que coidan dos seus fillos/as (ou doutras persoas dependentes) nos países de orixe destas migrantes. Hai que dicir que esta cadea está causada tanto polas desigualdades Norte-Sur entre os países coma polo propio machismo, tanto dos países emisores coma dos receptores de emigración. Se pensamos en España, os homes seguen, na súa maioría, ausentes dos coidados familiares, e aínda non temos un sistema público de coidados desenvolto, co cal ambas as cuestións reforzan esa crise de coidados que vivimos na nosa sociedade e que alimenta esa cadea global de coidados.

«

As cadeas globais de coidado reflicten a conexión entre coidados e desigualdade

»

# Infancia vulnerable

Yolanda García Vázquez
Raquel Vázquez-Pérez
Universidade de Vigo
GETS-IT

## Infancia tutelada

Con *infancia tutelada* referímonos a nenos, nenas e adolescentes que nalgún momento da súa infancia reciben atención residencial ou están en acollemento familiar polo sistema público de protección social. Segundo o Observatorio da Infancia de España, o neno, a nena e o/a adolescente, como cidadáns de dereito que son, requiren dunha adecuada protección a través da cal se garanta a atención a todas as súas necesidades e desenvolvemento integral.

As oportunidades da infancia tutelada de ter unha vida adulta plena, independente e activa na sociedade, son moito máis limitadas ca as do resto de nenos e nenas por sufrir unha maior desigualdade de oportunidades.

## Infancia en acollemento familiar ou residencial

En determinados casos, os nenos, nenas e adolescentes non poden vivir coas súas familias de orixe, debido a problemas no seo destas que impiden que poidan coidar adecuadamente destes menores de idade. Segundo o Ministerio de Dereitos Sociais, Consumo e Axenda 2023, o acollemento é unha medida de protección aplicable a estes menores, que deben ser separados temporal ou permanentemente dos seus proxenitores ou titores/as. Hai dúas modalidades de acollemento: residencial e familiar.



## Infancia migrante sen referente familiar

Falamos de nenos, nenas e adolescentes que, ao non poder contar coa protección dunha persoa adulta ou familiar, son vulnerables á invisibilidade e á exclusión social. Segundo ACNUR, referímonos a nenos, nenas e adolescentes que, sen cumprir os 18 anos, se atopan en territorio español sen estar acompañados da súa nai, do seu pai ou dunha persoa adulta que, legalmente ou conforme os usos ou costumes, sexan responsables destes.

Este concepto recolle tamén a infancia e a adolescencia migrante non acompañada.

## Infancia con necesidades educativas especiais

Segundo a Unesco, considérase que un neno, nena ou adolescente presenta necesidades educativas especiais cando, por unha ampla variedade de razóns, mostra dificultades maiores en comparación co resto dos seus compañeiros para acceder ás aprendizaxes que lle corresponden de acordo coa súa idade ou curso e require, para compensar as devanditas dificultades, apoios extraordinarios e especializados que, de non proporcionarllos, limitan as súas oportunidades de aprendizaxe e desenvolvemento. Estamos a falar dun amplo rango de necesidades que inclúen discapacidades físicas, sensoriais, mentais e cognitivas, así como dificultades da aprendizaxe, emocionais e sociais.

Ademais, moitos autores consideran que esta definición ampla tamén debería incluír nenos, nenas e adolescentes cuxas dificultades proveñan de condicións sociais como pertencer a grupos ou minorías étnicas, ter unha lingua materna diferente, condicións sociofamiliares de desvantaxe ou embarazo adolescente.



## Infancia e adolescencia con problemas de saúde mental

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS) os trastornos de saúde mental inclúen, ademais da ansiedade ou da depresión, frustración, anoxo ou reaccións excesivas de irritabilidade e trastornos do comportamento (falamos do trastorno por déficit de atención e hiperactividade e trastornos da conduta, que mostran síntomas como comportamentos destrutivos ou desafiantes). Ademais, tamén temos que ter en conta como trastornos relacionados coa saúde mental que afectan a nenos, nenas e adolescentes, os trastornos da conduta alimentaria: anorexia e bulimia.

## Pobreza educativa

Refírese á falta de acceso á educación de calidade debido á falta de recursos económicos, sociais e culturais. Este tipo de pobreza condiciona o desenvolvemento de nenos e nenas e condiciona a súa vida adulta. Combátese coas políticas de equidade educativa e xustiza social para evitar que as/os menores medren e se desenvolvan sen estar condenados a ela para o resto das súas vidas. A pobreza educativa é un problema global, pero algúns países teñen unha taxa de pobreza educativa máis alta que outros. Segundo a UNESCO, os países coas taxas máis altas de pobreza educativa son Nixeria e Sudán.



## Pobreza infantil

Tipo de pobreza que impacta sobre a poboación infantil, un grupo social altamente vulnerable pola súa incapacidade para afrontar sen axuda a situación. Estes nenos e nenas non cobren necesidades básicas nin teñen acceso a servizos eficientes como alimentos, servizos sociais e de saúde. Un exemplo son os nenos e nenas das comunidades indíxenas. A pobreza infantil adoita relacionarse coa violencia. As cifras oficiais sobre esta son escasas e no caso do abuso sexual, por exemplo, os datos sobre abuso en nenas é moito máis preciso ca sobre o abuso en nenos. O refuxio de moitos destes nenos e nenas son as bandas criminais e a prostitución.

## Pobreza infantil extrema

É a imposibilidade de satisfacer as necesidades máis básicas para manter a vida humana de nenos e nenas con dignidade, os cales non teñen a capacidade de sustentarse nin de alimentarse de xeito saudable. É unha situación de indefensión que non permite resolver problemas relacionados cos dereitos humanos. Neste estadio non se teñen servizos básicos como a auga ou a electricidade, así como educación, saúde, comunicación e vivenda digna. A maioría dos países con maior presenza deste tipo de pobreza están xeograficamente situados en África.



## Pobreza menstrual

É exclusivamente feminina. Caracterízase, principalmente, pola incapacidade de adquirir os produtos de hixiene, de ter a información oportuna ou de contar con servizos básicos de auga necesarios para facer fronte ao período menstrual. Nalgúns países, diante da desinformación social ao respecto, utilízase a expresión *analfabetismo menstrual*. Por estigma cultural dáse o caso de que, en determinados países en vías de desenvolvemento, as nenas e adolescentes en período menstrual non poden asistir ás escolas. Nos países máis pobres, as mulleres deben empregar materiais de refugallo como o cartón ou o algodón, entre outros, para facer toallas sanitarias improvisadas. A ausencia de políticas dirixidas a educar as nenas e as mulleres é un tema pendente que atrasa aínda máis os procesos de desenvolvemento humano.

# 7

# Saúde, dependencia e discapacidade

Breogán Riobóo-Lois
Rubén González-Rodríguez
Ana-María Rodríguez-González
María Celsa Perdiz Álvarez

Universidade de Vigo
GETS-IT

## Inequidades en saúde

A *inequidade en saúde* é unha desigualdade inxusta porque non permite gozar da saúde en igualdade de condicións a todas as persoas. As dificultades sociais son unha barreira ou muro que afectan gravemente ao acceso e ao gozo da saúde, así como á recuperación e á rehabilitación do estado de benestar.

Que os poderes políticos non garantan o acceso aos dereitos básicos universais e o acceso aos servizos sanitarios universais; as discriminacións por orixe, etnia, orientación sexual, xénero ou discapacidade; os estilos de vida aprendidos no contexto social, a pobreza, a malnutrición, o estrés, o tipo de traballo, a explotación sexual, laboral e persoal, o desemprego, a falta de apoio social, a carencia de transporte e a exclusión social en xeral de calquera tipo, afecta gravemente á saúde das persoas e das comunidades.

## Situación de dependencia

Ao longo de todo o noso ciclo vital, dende que nacemos ata que morremos, todos os individuos pasamos por distintas situacións nas que precisamos o apoio doutras persoas, das que dependemos directamente para desempeñar distintas actividades nas diferentes esferas da nosa vida. Polo tanto, as persoas somos seres interdependentes, xa que dependemos unhas das outras en diferentes momentos vitais ou en diferentes contextos. Por exemplo, cando nacemos e alguén nos ten que alimentar, cando temos unha lesión importante e debemos facer repouso permanente e prolongado, ou cando nos facemos maiores e precisamos axuda para facer algunhas tarefas que antes podiamos facer nós mesmas.

Aínda que as situacións de dependencia poden aparecer en calquera intre, para poder acceder a diferentes recursos de atención e promoción da autonomía persoal (tales como prestacións económicas, equipamentos de atención residencial, centros de atención diúrna, servizo de axuda no fogar etc.) cómpre ter o recoñecemento administrativo da situación de dependencia. En España isto regúlase na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que recolle tres graos diferentes segundo a necesidade de apoios que teñamos: grao I ou dependencia moderada, grao II ou dependencia severa e grao III ou gran dependencia.



## Discapacidade

Ata hai ben pouco, a *discapacidade* era un concepto difuso (un caixón de xastre) no que se englobaban situacións que podían ser transitorias, como algunhas enfermidades, xunto doutros procesos máis permanentes como as deficiencias. Cómpre destacar que, en moitos períodos históricos, as persoas con discapacidade foron perseguidas, agochadas e mesmo asasinadas, o que evidencia unha constante temporal: a marxinación.

Dende o século XX hai dúas visións maioritarias sobre o que é a discapacidade: (1) o *modelo médico-rehabilitador*, que afirma que o problema está na persoa e busca «completala» para devolverlle a súa funcionalidade «normal»; e (2) o *modelo social*, que afirma que é a sociedade no seu conxunto a que discapacita as persoas ao non adaptarse ás diferentes necesidades de cada unha, pois se deseñásemos cidades e espazos públicos para todas as persoas, calquera de nós podería ser máis autónoma e independente.

O marco actual da comprensión da discapacidade atópase na Clasificación internacional do funcionamento, a discapacidade e a saúde, publicada pola Organización Mundial da Saúde no ano 2001. Entende a *discapacidade* como un termo xenérico que inclúe os déficits nas estruturas e funcións corporais (por exemplo, ter unha amputación nunha perna ou unha perda de visión), as limitacións á hora de levar a cabo as actividades correntes da vida diaria (por exemplo, non poder asearnos nós mesmos) e as restricións na participación social da persoa (por exemplo, non poder participar politicamente de xeito activo). Para esta conceptualización da discapacidade é esencial o contexto onde a persoa desenvolve a súa vida (tanto o contexto máis próximo coma a súa vivenda ou o seu barrio, pero tamén a sociedade na que participa).

## Calidade de vida

O concepto abarca o conxunto de factores, obxectivos e subxectivos, que contribúen ao benestar físico, material, emocional e social do individuo. É dicir, son aspectos que deben satisfacer a persoa para cubrir as súas necesidades de forma digna, así como a realización das súas potencialidades de vivir mellor. Os grupos máis vulnerables teñen maior probabilidade de sufrir exclusión social no acceso a servizos básicos, o que impacta negativamente na súa saúde e calidade de vida.

A calidade de vida está moi relacionada cos elementos da contorna, a cultura, os valores e as propias expectativas e preocupacións, polo que é un concepto en constante movemento e moi utilizado como medida de benestar. O modelo máis estendido é o proposto por Schalock e Verdugo, que reflicte as condicións de vida desexadas segundo as relacións interpersoais, o desenvolvemento persoal, o benestar emocional, o benestar físico, a autodeterminación, o benestar material, a inclusión social e os dereitos tanto humanos coma legais.



## Dereito á morte digna

Dereito dunha persoa a dispoñer da propia vida e de pórlle fin asistida polos coidados paliativos que precisa (alivios oportunos, consolo humano e atencións emocionais ou espirituais que desexe sen sufrimento nin dor) e por chegar a un momento no que os avances médicos se esgotaron para curar unha doenza terminal. Este dereito inclúe a utilización do suicidio medicamente asistido ou a eutanasia enfocada no respecto á autonomía da persoa.

O dereito á morte digna é garantir unha vida digna, entendida esta como o dereito á liberdade de toma de decisións ante o sufrimento de doenzas degradantes e inhumanas. Polo tanto, a persoa é a responsable de exercer con autonomía a decisión da súa morte, así como escoller como quere que suceda este último tramo do proceso vital. Discriminar unha persoa negándolle o acceso a unha morte digna e obrigándoa a continuar vivindo de xeito insoportable implica violar dereitos fundamentais e atentar contra a dignidade humana.

## Accesibilidade e deseño universal (ou deseño para todas)

A accesibilidade é unha condición que deben cumprir as contornas, os produtos, os servizos, as ferramentas ou calquera outro elemento que vaia ser utilizado por unha persoa. Deste xeito, estes obxectos, servizos ou contornas serán comprensibles e facilmente utilizables de xeito seguro e cómodo por calquera persoa de forma autónoma e natural. A accesibilidade posibilita a inclusión e o gozo dos servizos por parte da persoa, fronte ás barreiras que a impiden. Neste senso, hoxe en día atopamos nas nosas sociedades elementos que non permiten a participación dos individuos tales como barreiras arquitectónicas e urbanísticas, tanto en edificios coma nas contornas e espazos públicos abertos ou nas propias vivendas; barreiras no transporte que impiden o desprazamento; ou barreiras na comunicación que limitan a interacción e as relacións entre diferentes persoas, entre outras.

Fronte a esas barreiras, o *deseño universal* (ou *deseño para todas*) busca concibir dende o principio contornas, produtos, servizos, ferramentas ou dispositivos (tamén aplicacións informáticas) que sexan utilizables por todas as persoas (ou pola maior parte posible delas) sen necesidade de facer adaptacións ou axustes adicionais. Polo tanto, o deseño universal aséntase na (a) igualdade de uso, que sexa fácil e axeitada para todas as persoas; (b) flexibilidade, utilizable por un amplo rango de persoas con diversas capacidades e habilidades, como para persoas destras e zurdas; (c) uso simple e funcional, independentemente da experiencia previa da persoa ou do seu nivel de concentración; (d) información comprensible en diferentes formatos, visual ou táctil, con contrastes axeitados para eliminar restricións sensoriais; (e) tolerancia ao erro, para reducir no posible o risco de accidentes ante un uso inadecuado ou involuntario; (f) baixo esforzo físico, facilitando que sexa empregado de xeito cómodo e eficaz sen necesidade dun grande esforzo físico; e (g) espazo e tamaño para a aproximación e o uso, independentemente da mobilidade da persoa ou de se esta está de pé ou sentada, facilitando opcións para o seu uso indistintamente.



## Inclusión e participación social

Proceso que persegue que todas as persoas formen parte activa na sociedade accedendo aos lugares e aos grupos comunitarios, independentemente das súas características individuais. O seu propósito é incorporar mecanismos de recoñecemento que cambian a forma en que se distribúen os recursos para que certos grupos tamén poidan participar, contribuír e beneficiarse desa participación social de xeito digno.

A inclusión social responde á diversidade individual como un beneficio para a sociedade, que permite o acceso ás oportunidades en condicións de igualdade e de respecto á identidade persoal. A participación de xeito non significativo ou a non inclusión plena vén dada por normas ou carencias que producen as citadas regras e que son amparadas dende a cultura dominante. Isto causa unha participación en condicións desfavorables na sociedade dalgunhas persoas ou grupos en ámbitos como o político, o económico ou o social.

## Apoios

Nos modelos actuais de comprensión da realidade social, enténdese que as situacións de discapacidade e de dependencia están fortemente condicionadas polo contexto onde a persoa desenvolve a súa vida: a súa vivenda, o seu centro de traballo ou estudo, o barrio onde leva a cabo actividades deportivas ou de lecer, pero tamén a sociedade onde todos estes espazos se enmarcan e interactúan. Este contexto, ou factores contextuais ambientais, supoñen a presenza de influencias externas que interfiren no funcionamento da persoa como elementos facilitadores ou como barreiras. Entre os elementos facilitadores podemos atopar os apoios persoais e os produtos de apoio de carácter técnico.

Un apoio de tipo persoal supón a axuda dunha terceira persoa para realizar actos correntes da vida diaria tales como o aseo, o vestido ou os desprazamentos. É importante destacar que no caso das persoas con discapacidade intelectual ou enfermidade mental, os apoios non son xeralmente de tipo físico, senón que se traducen en supervisión ou asesoramento nos procesos de elección ou de toma de decisións (por exemplo, para o manexo de diñeiro ou para cuestións de tipo burocrático).

Fronte aos apoios de tipo persoal sitúanse os apoios de tipo técnico ou produtos de apoio, anteriormente denominados axudas técnicas. Trátase de produtos (incluídos dispositivos, instrumentos e software) que axudan a persoa a realizar actividades ou que posibilitan incrementar o seu nivel de participación social. Serían produtos de apoio, por exemplo, unha cadeira de rodas, unha culler adaptada, unha aplicación móbil que permita unha comunicación alternativa ou un bastón telescópico para persoas con discapacidade visual, entre outros.



## Vida independente

O modelo social de comprensión da discapacidade naceu primeiramente nos Estados Unidos de América, na década de 1960, e logo foise estendendo polo resto do mundo, especialmente a través de Europa; e xunto del, apareceu a filosofía de vida independente.

As persoas con discapacidade, fartas do modelo médico-rehabilitador que impoñía as «solucións» para as súas necesidades, organizáronse para esixir respecto á súa dignidade como persoas e o dereito a decidir por elas mesmas que facer coas súas propias vidas. Isto supuxo unha ruptura co modelo existente ata ese momento, que focalizaba a solución na rehabilitación da persoa, algo prescrito e deseñado por terceiras persoas (principalmente persoal técnico facultativo), sen integrar as motivacións, intereses e, en xeral, a participación da persoa con discapacidade.

A filosofía de vida independente defende que as persoas con discapacidade teñan o control da súa propia vida (independencia) como un dereito sen interferencias externas (autodeterminación) con capacidade de manter baixo o seu control as súas propias decisións sobre como vivir (autonomía); teñan os apoios necesarios para participar socialmente en calquera ámbito (apoderamento); dispoñan das ferramentas e das adaptacións precisas para desenvolver a súa vida en igualdade de condicións eliminando as barreiras existentes (apoios técnicos e deseño universal); e accedan a servizos específicos de apoio con independencia do tipo de discapacidade (asistencia persoal).

## Asistencia persoal

A asistencia persoal é o servizo por excelencia para promover e garantir a autonomía persoal e a vida independente das persoas con discapacidade. É dicir, unha persoa (a asistente persoal) presta os apoios que outra (a persoa con discapacidade) necesita ó longo do día para desenvolver a súa vida habitual. Deste xeito a asistencia persoal apoia á persoa con discapacidade na realización de múltiples tarefas, segundo as necesidades que esta teña: (a) persoais, como a hixiene, o vestido, a axuda para comer ou escribir...; (b) do fogar, como limpeza, atención de plantas ou animais, preparación de comida...; (c) de acompañamento, como para ir ó traballo, a facer xestións, ir de vacacións ou a actividades de ocio...; (d) de condución, para trasladar á persoa a outros sitios ou recoller a terceiras persoas como as súas fillas e fillos; (e) de comunicación, como a interpretación de lingua de signos ou a utilización de sistemas alternativos de comunicación; (f) de coordinación, como a organización diaria dos tempos ou o apoio na toma de decisións; (g) excepcionais, que son acordadas anticipadamente mediante acordo ou protocolo entre ambas partes para situacións concretas; (h) especiais, como as relacionadas co acompañamento e axuda na preparación na esfera sexual.

A asistencia persoal é unha ferramenta esencial para as persoas con discapacidade e para a xustiza social e por iso se recolle como un dereito no artigo 19 da Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas, aprobada no ano 2006 e ratificada por España no ano 2008. Ademais, é unha das prestacións económicas incluída na Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.



A asistencia persoal
é unha ferramenta esencial
para a xustiza social



# Igualdade entre homes e mulleres

Iria Vázquez Silva

Universidade de Vigo
GETS-IT

## Igualdade formal

É o recoñecemento dos mesmos dereitos para homes e mulleres nas leis. As reivindicacións sobre igualdade evolucionaron ao longo do tempo, especialmente a loita pola igualdade desenvólvese durante os séculos XIX, XX e XXI. No noso contexto, o art. 14 da Constitución de 1978 expón a igualdade ante a lei sen que poida haber discriminación, entre outras, por razón de sexo. Pero, sabías que ata o ano 1910 as mulleres en España tiñan prohibido o acceso á universidade pública? A grande escritora galega e visitadora de cárceres Concepción Arenal só puido asistir como oínte cando corría o ano 1841 na carreira de Dereito. O acceso igualitario á universidade sería, por tanto, un exemplo de igualdade formal.

## Igualdade de trato e de oportunidades

É a garantía de que todas as persoas dunha sociedade poidan acceder nas mesmas condicións ás diferentes esferas (política, económica, social etc.) a actividades como a educación, o emprego, o ocio... A igualdade de trato e de oportunidades é aplicable tanto no ámbito privado coma público, e prohibe tanto a discriminación directa coma indirecta das mulleres. Pero sabes diferencialas? Considérase discriminación directa por razón de sexo a situación en que se atopa unha persoa que sexa tratada, en atención ao seu sexo, de maneira menos favorable ca outra en situación comparable. Por exemplo, cando polo feito de ser muller non te contratan para un emprego para o cal esa candidata é a mellor cualificada. En contraste, considérase discriminación indirecta por razón de sexo a situación en que unha práctica aparentemente neutra a primeira vista pon persoas dun sexo en desvantaxe particular con respecto a persoas doutro sexo (agás que a citada práctica teña unha finalidade lexítima). Por exemplo, como xa se comentou, ata 2022 as persoas empregadas do fogar (fosen homes ou mulleres) en España non tiñan dereito ao desemprego e o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea sentenciou que este feito era unha discriminación indirecta por razón de sexo, xa que a amplísima maioría destas traballadoras son mulleres.



## Igualdade efectiva ou real

Implica que, se realizamos unha fotografía da situación de homes e mulleres na nosa sociedade, deberiamos ter unha participación igualitaria (entre un 40-60 %) en todas as esferas da sociedade: na participación no mercado laboral, nos tempos dos coidados a familiares, no acceso a postos de poder etc. A isto súmase un aspecto moi importante: que homes e mulleres temos dereito a unha vida libre de violencia, tal e como veremos no seguinte capítulo. Por exemplo, sabías que entre as empresas que conforman o IBEX 35 só hai tres mulleres presidentas destas compañías no ano 2022? A fotografía aínda está lonxe da igualdade real. A igualdade real sería unha situación de equidade, neste caso referida a homes e mulleres.

## Feminismo

É un movemento social e tamén unha perspectiva teórica que aposta por alcanzar a igualdade real entre homes e mulleres. Supón aceptar que as persoas somos diversas (neste sentido, diferentes), pero iguais como cidadáns e cidadás. Neste sentido, o oposto á igualdade non é a diferenza, senón a desigualdade. O feminismo recoñece que as mulleres e os homes lle achegamos á sociedade os nosos coñecementos, saberes etc., e que debemos participar na mesma medida en todas as esferas da vida pública e privada. O feminismo tamén aposta por introducir accións positivas que posibiliten o equilibrio entre mulleres e homes en todos os campos da vida.

A primeira onda do feminismo (o sufraxismo) deuse cando, a partir do século XVIII, se comeza a reivindicar o dereito á educación e ao voto. A partir da segunda metade do século XX, a segunda onda do movemento comeza a reclamar con forza a igualdade salarial e tamén se realizan moitas campañas para denunciar as violencias sufridas polas mulleres, tanto por parte das súas parellas coma no traballo ou na rúa. A terceira onda do feminismo, a partir da década de 1980, fixo fincapé na interseccionalidade da que falamos arriba; é dicir, na diversidade existente entre as mulleres, reivindicando o recoñecemento dos dereitos das mulleres negras, de minorías étnicas, lesbianas, movementos LGTBI+, mulleres migrantes etc.



«As mulleres, de media, teñen un salario un 20 % menor que o dos homes»

# Violencias machistas

Sabela Pérez-Martín

Universidade de Vigo
GETS-IT

## Violencia machista

A *violencia machista* é a violencia de carácter estrutural que se perpetúa a través da presenza dunha cultura patriarcal que se asenta no imaxinario colectivo, determinando socialmente a forma de comportarse. Este sistema de crenzas lexitima a desigualdade de xénero privilexiando os homes e situando as mulleres nunha posición de subordinación. Esta dinámica é interiorizada e reproducida a través dun proceso de socialización diferencial, no cal mulleres e homes asumen roles diferenciados que perpetúan e reforzan a desigualdade de xénero. A violencia contra as mulleres materializa os seus actos tanto na esfera pública coma na privada, que se manifesta en accións que poidan ter ou teñan como resultado un dano ou un sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para as mulleres. Ademais destas manifestacións directas de violencia, tamén se inclúen prácticas coercitivas, ameazas e privacións arbitrarias da liberdade, que conforman unha estrutura complexa de formas de opresión que perpetúan a desigualdade de xénero. A loita contra esta violencia require tratar as raíces profundas da cultura patriarcal e promover un cambio estrutural que garanta a igualdade de xénero e o respecto aos dereitos humanos das mulleres.

Aínda que o fenómeno da violencia machista está presente en todos os eidos da vida das mulleres, polo simple feito de seren mulleres, evidénciase de maneira particular nas relacións de parella. Estas relacións de violencia implican un patrón de comportamento controlador e coercitivo por parte do agresor que busca manter o poder e o control sobre a vítima, que vai perdendo a súa identidade e quedando subordinada. A baixa autoestima, o medo ao abandono e a indefensión aprendida complican a finalización da relación, mesmo se é percibida como tóxica, polo que a atención profesional é esencial ao decidir poñer fin á violencia.

## Violencia psicolóxica

A *violencia psicolóxica* ou *maltrato psicolóxico* supón calquera acción intencionada que comporte un prexuízo ou risco para a dignidade ou a integridade emocional e psíquica dunha muller, que se manifesta de maneira sutil ou directa de diferentes formas: insultos, humillacións, vexacións, ameazas etc. É unha forma de violencia menos visible ca o maltrato físico, pero ten un impacto grave nas mulleres, e produce unha deterioración importante da súa saúde. Estas consecuencias perduran durante un longo período de tempo e requiren dunha intervención prolongada para seren superadas.

Existen diferentes patróns de maltrato psicolóxico que dan lugar a diferentes fenómenos: o *lovebombing*, que consiste en colmar de afecto e de agasallos ao comezo dunha relación ou despois dunha crise nesta coa finalidade de obter de maneira pasiva poder e control; o *gaslighting*, que se trata de tentar que a vítima dubide do seu xuízo a través dun prolongado labor de descrédito dos seus recordos e percepcións; a *lei do xeo*, referido a comportamentos baseados en castigar a vítima ignorando completamente a súa existencia; o *ghosting*, que consiste en rematar con toda comunicación coa vítima sen ningunha explicación ou aviso aparente; a *violencia reactiva*, culpar a vítima dunha reacción agresiva tras verse exposta de forma continuada ao maltrato, xustificándoo; e o *control coercitivo*, manipulación mediante ameazas ou agresións verbais, humillación ou intimidación sutil, entre outras..



## Violencia vicaria

A *violencia vicaria* configúrase como unha manifestación de violencia contra as mulleres perpetrada polo maltratador a través da instrumentalización dos seus fillos e fillas, o que implica unha ameaza real para estes. Este tipo de violencia adoita desencadearse cando a vítima decide poñer fin á relación e é orquestrada polo agresor co obxectivo de perpetuar o seu control a través de diferentes mecanismos de coerción. Este control maniféstase principalmente mediante a violencia instrumental contra as súas fillas e fillos, co fin de causarlle o maior sufrimento posible á nai.

No Estado español, a Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, achega unha serie de medidas legais de acción ante este fenómeno, onde se recoñece como vítimas as mulleres que sufriron violencia vicaria. Este fenómeno defínese como: «O dano máis extremo que pode exercer o maltratador cara a unha muller como é danar e/ou asasinar as fillas/os».

## Violencia física

A *violencia física* comprende calquera acción de carácter intencional contra o corpo dunha muller que teña como resultado un dano ou un risco para a integridade física dunha muller. Trátase do uso deliberado da forza, golpes, empurróns, malleiras, feridas etc., así como as ameazas con provocarlle dano.



## Feminicidio

O *feminicidio* é a forma máis extrema de violencia machista e defínese como o asasinato dunha muller perpetrado por un home, cuxa causa é o machismo ou a misoxinia. Este fenómeno foi conceptualizado por primeira vez en 1976 por Diana Russell perante o Tribunal Internacional sobre Crimes contra a Muller en Bruxelas. Ademais, Marcela Lagarde comezou a utilizar este termo en Latinoamérica, distinguíndoo do femicidio, unha palabra despolitizada e equivalente ao homicidio. Esta autora sinalou que son as condicións históricas as que xeran prácticas sociais discriminatorias que provocan os feminicidios, ao considerar este fenómeno como un crime de Estado. A palabra incluíuse no *Diccionario de la lengua española* en 2014.

## Violencia sexual

Enténdese por *violencia sexual* calquera acción de natureza sexual perpetrada contra unha persoa en contra da súa vontade, incluídos os comentarios ou as insinuacións sexuais e os actos dirixidos a comerciar ou utilizar de calquera outro xeito a sexualidade dunha persoa a través da coacción. Estas accións poden acontecer en calquera ámbito, incluído o fogar e o lugar de traballo.

As mulleres son as que máis violencia sexual sofren. Segundo os datos do Ministerio de Igualdade recollidos no ano 2020, o 13,7 % (2 802 914) das mulleres de 16 ou máis anos residentes no Estado español sufriron violencia sexual por parte da súa parella ou exparella, homes do seu contorno ou descoñecidos. Esta alta incidencia de casos de violencia sexual en mulleres é provocada por un fenómeno coñecido como *cultura da violación*, que ten orixe no patriarcado e que normaliza e xustifica esta forma de violencia machista.



## Violencia machista institucional / sexismo institucional

O *sexismo institucional* é a violencia que o Estado tolera ou perpetra por acción ou omisión a través das súas institucións e cuxo resultado é a vulneración dos dereitos das mulleres. Esta violencia é especialmente grave cando é exercida contra mulleres en situación de violencia machista, xa que supón a vivencia dunha segunda experiencia de violencia, fenómeno que se denomina *vitimización secundaria*. Algúns exemplos desta forma de violencia machista son as normas e as leis discriminatorias; a falta de recursos e servizos ou o seu mal funcionamento; a falta de protocolos de atención; os estereotipos e os prexuízos machistas das persoas funcionarias que inflúen na atención proporcionada ás mulleres que acoden aos servizos etc.

A violencia machista institucional ou sexismo institucional é unha realidade que non está recoñecida no Estado español. As únicas referencias lexislativas que recoñecen esta forma de violencia machista son as leis autonómicas contra a violencia machista de Catalunya e de Castilla-La Mancha.

## Violencia económico-patrimonial

A *violencia económica ou patrimonial* configúrase como un acto de poder que se exerce contra as mulleres co propósito de xerar a dependencia económica cara aos seus agresores. Esta maniféstase a través do control ou da restrición dos seus ingresos e a disposición sobre eles, ou cando son privadas dos medios esenciais para subsistir. Nesta forma de violencia, o home utiliza a súa posición económica para supervisar as decisións e os proxectos de vida da muller, exercendo un control absoluto sobre os recursos do patrimonio común, independentemente de quen os adquirise. O agresor manipula os recursos financeiros, dirixe o rumbo económico do fogar e, xeralmente, exerce a titularidade de todos os bens.

Este tipo de abusos, polo xeral, pasan inadvertidos para a muller, dado que se presentan baixo a aparencia de colaboración na parella. O home asume o papel de provedor, negando a participación activa da muller nas decisións económicas do fogar e, simultaneamente, require o rendemento de contas detalladas de todos os gastos dela. Ademais, a través da manipulación, impide que a muller estude ou traballe co obxectivo de obstaculizar a súa procura de independencia económica, o que lle crea a convicción de que sen convivir co agresor non podería subsistir.



## Violencia laboral

O mundo laboral tamén está impregnado do funcionamento do patriarcado, polo que neste eido se reproducen desigualdades de xénero manifestadas a través de diferentes fenómenos: a *segregación sexual* ou segregación horizontal a través de profesións masculinizadas e feminizadas; o *teito de cristal* ou segregación vertical que imposibilita o acceso das mulleres a postos de responsabilidade; unha maior precariedade laboral; a *fenda salarial*; e unha maior taxa de desemprego feminina. Estes factores tradúcense no fenómeno denominado *feminización da pobreza*.

## Violencia machista dixital

A *violencia machista dixital* é unha nova forma de sexismo relacionada coa utilización das novas tecnoloxías a través das redes sociais, internet, servizos de xeolocalización, correo electrónico e servizos de mensaxaría, cunha alta incidencia na adolescencia. Defínese como a violencia machista perpetrada parcial ou totalmente a través das TIC co obxectivo de acosar, dominar, controlar ou entremeterse sen consentimento na privacidade da vítima.

Existen diferentes tipos de violencia machista dixital: o *ciberacoso*, que se traduce en insultos, ameazas e coacción; o *sexting,* que alude á difusión non consentida de imaxes sexualmente explícitas; o *grooming,* que consiste en que un adulto se fai pasar por un menor para poñerse en contacto con nenas/os e adolescentes (afecta máis ao xénero feminino), establecendo unha relación de confianza para despois pasar ao control emocional e ás chantaxes sexuais; o *doxing*, que se trata da violación da privacidade a través da revelación de información persoal confidencial, a manipulación de datos ou imaxes, suplantación de identidade etc.; a *explotación sexual en liña*; e a *pornografía non consentida.*

10

# Violencia intrafamiliar

Clara Grech-Santi

Universidade de Vigo
GETS-IT

## Violencia intrafamiliar

A *violencia intrafamiliar* é un tipo de malos tratos que sucede entre persoas que teñen algún lazo familiar. Pode manifestarse de diferentes maneiras: desde insultos, ameazas, golpes, agresión sexual ou control excesivo. Trátase dun comportamento recorrente que busca controlar a outra persoa, xa sexa física, sexual, emocional, económica ou psicoloxicamente. Inclúe actos que causan medo, intimidan, danan ou humillan a alguén, así como calquera ameaza de facelo.

As agresións físicas e sexuais, así como as ameazas de cometelas, son as formas máis obvias de violencia no fogar. Con todo, cando os malos tratos inclúen outros comportamentos menos evidentes, pero igualmente daniños, vólvese máis complicado tratalas e recoñecelas. É fundamental distinguir entre a violencia intrafamiliar e a violencia de xénero ou machista, xa que esta última ten unha natureza estrutural e se exerce contra as mulleres polo feito de selo, manifestando a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

## Violencia filioparental

Refírese ás accións repetidas de violencia física, psicolóxica ou económica que os fillos ou fillas exercen cara aos seus proxenitores ou adultos/as que están a cargo deles/as. Estas accións poden ser golpes, insultos, ameazas, romper cousas, cuspir, empuxar, losquear, darlles patadas, puñadas, ameazalos con obxectos perigosos, roubar diñeiro etc. Este acto de abuso ten como obxectivo obter poder e control sobre as persoas adultas.

É importante destacar que este tipo de violencia non inclúe situacións puntuais de agresión nin as que ocorren cando a persoa está nun estado alterado de conciencia, como intoxicacións ou estados delirantes. Ademais, non se considera violencia filioparental cando é realizada por persoas con autismo ou discapacidade mental grave, nin cando se trata de parricidio sen un historial previo de agresións.



## Síndrome do emperador

A *síndrome do emperador*, nalgúns contextos profesionais coñecida como *trastorno de oposición desafiante* (TOD), é un patrón de comportamento desobediente e desafiante que mostran algúns nenos e nenas cara a figuras de autoridade como pais, nais ou profesorado. Estes nenos e nenas, ás veces chamados «emperadores», tenden a impoñer os seus desexos por encima das regras establecidas polos proxenitores e persoas adultas. Normalmente aprenden a controlar os seus proxenitores usando a violencia ou a chantaxe emocional para obter o que queren.

Polo tanto, está moi relacionado coa violencia filioparental. Este patrón exércese de maneira reiterada por parte do fillo/a, normalmente adolescente, contra os seus ascendentes con plena intención e consciencia. A síndrome do emperador adoita darse en períodos longos de tempo e ten como finalidade o sometemento dos pais e nais fronte aos fillos/as para así conseguir todo canto desexen sen obter un «non» por resposta. Algúns signos clave inclúen falta de obediencia ás regras, enfado, frustración e rabia, e discusións frecuentes con persoas adultas, entre outros.

## Filicidio

O termo *filicidio* úsase cando un pai ou unha nai comete un acto de violencia que pode provocar a morte do seu propio fillo ou filla, que ten polo menos un ano de idade. Isto pode ser desde intentos de facer dano ata o fatal desenlace. As razóns detrás destes actos son complexas e poden incluír diferentes factores como a dinámica familiar, a situación na que vive a familia e as características individuais das persoas involucradas. Moitas veces está relacionado coa violencia doméstica.

En termos de clasificación, pódese dividir en dous tipos: o *tipo temperán* de filicidio, que comprende situacións nas que os fillos ou fillas teñen entre 1 e 12 anos; e o *tipo tardío*, que se refire a casos nos que os mozos e mozas de 13 a 18 anos son obxecto deste tipo de violencia por parte dos seus proxenitores.



## Infanticidio

Trátase da acción deliberada de quitarlle a vida a un bebé moi pequeno, xeralmente menor dun ano. Historicamente, estivo presente en varias culturas como unha práctica social aceptada, aínda que na actualidade se considera un crime grave e moralmente inaceptable na maior parte das sociedades. Adoita ser difícil de identificar debido a que, na maioría dos casos, estas mortes se encobren como nacementos de bebés xa falecidos ou, ás veces, non se rexistran ao nacer.

Existen dous tipos de infanticidio: o *directo* ou *activo*, que implica a morte deliberada do recentemente nado mediante accións como a falta de alimentación, asfixia ou lesións; e o *indirecto* ou *pasivo*, que comeza cunha atención inadecuada, abandono ou descoido. Ambos os tipos non son excluíntes e ás veces poden mesturarse, xa que as situacións que rodean a morte dun neno ou nena poden incluír tanto accións directas coma indirectas.

11

# Soidade non desexada e illamento social

Santiago Prado Conde
Universidad Internacional de La Rioja
Iria Vázquez Silva
Universidade de Vigo
GETS-IT

## Soidade non desexada

A *soidade non desexada* enténdese como un sentimento subxectivo do ser humano e caracterízase por percibir unha insuficiente cantidade de relacións sociais desexadas, ou porque existe unha insatisfacción con estas debido a que non se atopa correspondencia; é dicir, as relacións sociais da persoa son deficientes nalgún aspecto importante, cuantitativa ou cualitativamente. As persoas sofren soidade ao percibir déficit en determinadas relacións; por exemplo, cando o número de relacións resulta máis escaso do que consideran desexable, ou cando non achegan a intimidade que necesitan. A soidade non desexada reflectiría un estado subxectivo de carencia de afecto e de proximidade desexado.

## Soidade crónica

É a que se mantén no tempo durante un período o suficientemente significativo como para categorizala como tal. É un tipo de soidade vinculada con situacións como a depresión, o illamento e a exclusión social. Hai que distinguila da soidade transitoria, que pode ser un estado de ánimo esperable ante algún acontecemento. Diferentes estudos indican que as persoas que se senten soas teñen unha maior probabilidade de padecer problemas cognitivos ou complicacións cardíacas, depresión e ansiedade.



## Desigualdade social e soidade

O Informe España 2020 confirma que a soidade se dobra coa desigualdade social. Tamén indica que ser unha persoa migrante é un factor de risco para a soidade. Fernando Fantova (2022) distingue diferentes factores estruturais que inflúen na soidade: a lonxevidade, a dinámica da estrutura familiar (por exemplo, co aumento dos fogares unipersonais ou monoparentais), a estrutura residencial ou os valores morais e culturais dunha determinada sociedade. Tamén existen outra serie de factores, como a precariedade laboral, o baixo nivel de renda, a exclusión residencial, é dicir, non ter acceso a unha vivenda, que inflúen negativamente nesa soidade.

## Illamento social

O *illamento social* refírese á ausencia de redes sociais de apoio ou ao contacto restrinxido de relacións sociais. A soidade non desexada e o illamento social non son sinónimos, posto que unha persoa illada pode non sentirse soa e unha persoa que se sente soa pode estar en contacto con outras.

Por exemplo, unha persoa maior que reside cos seus fillos e fillas pode sentirse soa porque estes unicamente a atenden nos seus coidados físicos, mais non lle dan ningún tipo de soporte emocional ou non contan con ela para tomar decisións. O ser humano, como ser social e cultural, precisa da participación social a través de relacións sociais de calidade e recíprocas.

Tanto o sentimento de soidade coma a ausencia de contactos sociais poden ocorrer a calquera idade e teñen un alto impacto na deterioración da saúde física e emocional, alén de reducir a calidade de vida da persoa.

# AUTORAS AUTORES

## Autoras e autores

### Aitor Alonso Rodríguez

Investigador predoutoral interesado nas teorías do poder e na economía ecolóxica. A súa investigación céntrase en estudar como inflúe o poder, en concreto o poder do capital, na transición ecolóxica.

### Joana Amorim

Investigadora doutoral no ámbito da innovación empresarial. A súa investigación céntrase en entender a relación entre innovación, economía, sociedade e natureza.

### Tess Doezema

Investigador posdoutoral en estudos sociais da ciencia e a tecnoloxía. A súa investigación ocúpase da coprodución de coñecemento e de políticas asociadas coas transicións ambientais e tecnolóxicas.

### Paula Frieiro Padín

Doutora con mención internacional e premio extraordinario pola Universidade de Vigo. A súa investigación aborda a relación entre as redes sociais e a saúde mental da adolescencia, ademais doutros temas vinculados ao traballo social, como a saúde, os coidados, as tecnoloxías da información e comunicación, e os estudos de xénero.

### Yolanda García Vázquez

Profesora axudante do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da Universidade de Vigo con dous sexenios de investigación. Dedícase ao estudo do traballo social dixital. Interésalle o desenvolvemento de terapias psicosociais a través do teléfono móbil con colectivos de mulleres en situación de vulnerabilidade por adiccións, prostitución, migración ou violencia de xénero. É a coordinadora de Mulleres Vulnerables Lab (www.mujeresvulnerables.es).

### Rubén González-Rodríguez

Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Universidade da Coruña. Traballador social, terapeuta ocupacional e psicólogo (mención saúde). Profesor titular de universidade da Área de Traballo Social e Servizos Sociais (Universidade de Vigo).

### Clara Grech-Santi

Contratada predoutoral FPU22/02679 na Universidade de Vigo (UVigo) na Área de Traballo Social e Servizos Sociais da Facultade de Educación e Traballo Social e membro do Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia. Graduada en Traballo Social (UVigo) cun mestrado en formación de profesorado pola Universidade de Santiago de Compostela.



### Noortje Keurhorst

Candidato predoutoral especializado en economía ambiental e socioloxía rural. A súa investigación céntrase na xestión de recursos naturais e considera como os procesos de xestión de recursos comunais dan forma e son moldeados por ideas sobre a natureza, a sociedade e a economía.

### Cristina Míguez González

Educadora graduada en Bioloxía, especializada en neuroeducación e sustentabilidade. A súa traxectoria profesional céntrase en deseñar e en coordinar proxectos educativos para tratar temas como o feminismo e a sustentabilidade ambiental.

### María Celsa Perdiz Álvarez

Traballadora social do Sergas dende o ano 1984 e xefa de servizo de traballo social da área sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras dende o ano 2017. Doutora en Psicopedagoxía pola Universidade de Vigo e profesora asociada da UVigo. As súas liñas de investigación son a saúde, a sexualidade, a reprodución e a muller.

### Sabela Pérez-Martín

Doutoranda do Programa de doutoramento en creatividade, innovación social e sostible na Universidade de Vigo. Graduada en Traballo Social pola Universidade de Vigo cun mestrado en formación de profesorado de educación secundaria e formación profesional pola Universidade de Santiago de Compostela.

**Santiago Prado Conde**

Doutor en Antropoloxía Social e Cultural pola Universitat Autònoma de Barcelona. Na actualidade é o coordinador académico do Grao en Traballo Social na Universidad Internacional de La Rioja.

**Breogán Riobóo-Lois**

Investigador predoutoral FPU20/06120 do Ministerio de Universidades na Área de Traballo Social e Servizos Sociais da Facultade de Educación e Traballo Social (Universidade de Vigo). Profesor de intervención sociocomunitaria pola UNED e traballador social pola Universidade de Vigo.

**Ana-María Rodríguez-González**

Doutora en Traballo Social. Traballadora social do centro de saúde da Cañiza. Profesora do Grao en Traballo Social na UNIR. Fundación Biomédica Galicia-Sur.

**Víctor José Sánchez Juárez**

Investigador predoutoral interesado nas relacións entre a economía política e o manexo dos recursos naturais. O seu traballo céntrase nos procesos políticos que guían a gobernanza dos recursos no mercado global.

**David Soto Oñate**

Investigador posdoutoral. Dende as perspectivas da economía institucional e da economía ecolóxica trata asuntos diversos no ámbito do desenvolvemento económico e da política ambiental.



**Brais Suárez Eiroa**

Investigador posdoutoral no ámbito da economía ecolóxica. A súa investigación céntrase en entender a relación entre economía, sociedade, política e natureza.

**Raquel Vázquez-Pérez**

Profesora asociada do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa da Facultade de Educación e Traballo Social. Doutora en Socioloxía. Licenciada en Socioloxía e diplomada en Traballo Social. Liñas de investigación: a familia, a infancia e a adolescencia; a educación familiar; a mediación social e os servizos sociais.

**Iria Vázquez Silva**

Profesora axudante doutora de Socioloxía na Universidade de Vigo. Doutorouse en 2014, cunha tese especializada en xénero e migracións. Posúe un posgrao en igualdade da Universitat Autònoma de Barcelona e un mestrado en estudos de xénero da UVigo. Recentemente coordinou Cómplices. A violencia machista institucional, na editorial Galaxia.

**Carmen Verde-Diego**

Profesora titular de universidade no Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa. É a coordinadora principal do Grupo de Estudos en Traballo Social: Investigación e Transferencia (GETS-IT) da Universidade de Vigo, adscrito ao Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur. Algunhas das súas liñas de investigación son o traballo social, a infancia, a adolescencia, a familia, os ciclos vitais, as migracións e a perspectiva de xénero.

GRAZAS!

## Agradecementos

Agradecementos a Begoña Carrera Ríos, asesora xurídica, pola súa colaboración no concepto «dereito de asilo».

# ÍNDICE DE TERMOS

## Índice de termos

Accesibilidade e deseño universal, 86
Acoso laboral, 47
Apoios, 88
Apropiación da terra, 31
Asistencia persoal, 90
Automatización, 48
Cadeas globais de coidado, 63
Calidade de vida, 84
Capacitismo, 25
Cordismo, 26
Dereito á morte digna, 85
Dereito ao asilo, 60
Desigualdade social e soidade, 127
Desigualdade Norte-Sur, 32
Discapacidade, 83
Economía de subsistencia, 33
Economía informal, 46
Externalidades, 49
Factor de risco, 18
Feminicidio, 107
Feminismo, 98
Fenda salarial, 50

Filicidio, 120
Idadismo, 24
Igualdade de trato e de oportunidades, 96
Igualdade efectiva ou real, 97
Igualdade formal, 95
Illamento social, 128
Inclusión e participación social, 87
Inequidades en saúde, 81
Infancia con necesidades educativas especiais, 72
Infancia e adolescencia con problemas de saúde mental, 73
Infancia en acollemento familiar ou residencial, 70
Infancia migrante sen referente familiar, 71
Infancia tutelada, 69
Infanticidio, 121
Interseccionalidade, 23
Meritocracia, 51
Modernización da pobreza, 34
Necesidades básicas, 35
Persoas migrantes, 59
Pobreza absoluta, 36
Pobreza educativa, 74
Pobreza infantil, 75
Pobreza infantil extrema, 76
Pobreza menstrual, 77
Pobreza relativa, 37
Racismo, 62
Roubo de salarios, 52
Segmentación laboral, 45
Síndrome do emperador, 119
Situación de dependencia, 82
Soidade crónica, 126
Soidade non desexada, 125
Soberanía alimentaria, 38
Suficiencia, 39
Teito de cristal, 53
Vida independente, 89
Violencia económico-patrimonial, 110
Violencia filio-parental, 118
Violencia física, 106
Violencia intra-familiar, 117
Violencia laboral, 111
Violencia machista, 103
Violencia machista dixital, 112
Violencia machista institucional / sexismo institucional, 109
Violencia psicolóxica, 104
Violencia sexual, 108
Violencia vicaria, 105
Xenofobia, 61
Xustiza social, 15

Universidade Vigo

HR EXCELLENCE IN RESEARCH

Achégate á riqueza da diversidade e á loita pola equidade, explorando as páxinas deste minidicionario de termos de xustiza social. Coñece, reflexiona e únete ao diálogo pola xustiza e a solidariedade!

Este glosario elaborado por persoas expertas en desigualdades económicas, ecolóxicas, sociopolíticas e de xénero da Universidade de Vigo constitúe unha ferramenta para comprender e avogar pola xustiza social. Cun enfoque multidisciplinar, este recurso define termos chave ao tempo que desafía estereotipos e que fomenta o pensamento crítico.

Cada concepto é un achegamento ás complexidades da sociedade contemporánea. Dende a interseccionalidade ata a violencia machista, ou a soidade non desexada, este minidicionario abrangue unha ampla gama de temas relevantes e urxentes.

Ademais, a organización por campos semánticos facilita a navegación e a comprensión, permitindo a quen o le explorar as conexións entre diferentes aspectos da xustiza social.

Alén da mera definición de termos, é un convite á reflexión e á acción. Destacando conceptos relevantes e ofrecendo perspectivas innovadoras. Así, a súa lectura desafía as normas establecidas e contribúe activamente na construción un mundo máis xusto e equitativo.

Universidade Vigo

Unidade de Cultura Científica

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE CIENCIA, INNOVACIÓN Y UNIVERSIDADES

FECYT INNOVACIÓN